



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Estancias Clínicas II		Código	661G01026
Titulación	Grao en Enfermería			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superada a Estancia Clínica I para poder cursar esta materia			
Departamento				
Coordinación	Cereijo Garea, Carmen	Correo electrónico	carmen.cereijo@udc.es	
Profesorado	Cereijo Garea, Carmen	Correo electrónico	carmen.cereijo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Son estancias clínicas, correspondentes ó nivel I ou básico da aprendizaxe práctica, dirixidas á adaptación dos estudantes ó entorno asistencial, e á integración dos coñecementos teóricos en situacións reais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.



C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
-----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Distinguir o rol da enfermeira e identificar o rol dos diferentes membros do equipo. Demostrar disposición para o traballo cooperativo dentro do equipo asistencial.		A62	B1 B5 B6 B7 B9 B14 B15 B16 C1 C3 C12
Poñer en práctica os elementos básicos da comunicación enfermeira-persoa enferma.		A62	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B24 C1 C12
Aplicar na práctica sistecial os coñecementos aprendidos do proceso de atención de enfermaría. Executar as técnicas e protocolos garantindo a seguridade e de acordo o establecido na institución asistencial.		A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12



Respetar as opinións, valores, creencias das persoas e garantir a confidencialidade e privacidade da información persoal e clínica. Cumprir as normas de funcionamento das unidades ou servizos	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B14 B16 B20 B24	C1 C7 C11 C12
---	-----	---	------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades de hospitalización.	Permiten os estudantes a adaptación a un entorno clínico hospitalario, así como a comprensión da función das/os enfermeras/os, e a integrar e desenvolver os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A62 B5 B6 B9 B10 B14 B20	2	0	2
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	120	0	120
Solución de problemas	A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C1 C3 C7 C10 C11 C12	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A62 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C3 C10 C11 C12	3	0	3
Presentación oral	A62 B1 B3 B7 B8 B9 B11 B13 B15 C1 C12	1	2	3
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no entorno hospitalario. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia.
Prácticas clínicas	Proceso instruccional que ten lugar en institucións sanitarias nas que os estudantes observan e participan nas actividades clínicas, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. O proceso de aprendizaxe nesta materia baséase na realización de dous rotatorios de prácticas, un deles nunha unidade de hospitalización da área médica, e outro nunha unidade de hospitalización da área cirúrxica.
Solución de problemas	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes na que éstos seleccionan unha situación clínica concreta co fin de valorar, identificar e planificar os problemas de saúde.



Prácticas a través de TIC	Actividade que permite ó alumnado aprender de forma efectiva as tecnoloxías da información e comunicación utilizadas para o tratamento da información clínica enfermeira nun contorno hospitalario.
Presentación oral	Actividade na que o estudante expón verbalmente, ós outros estudantes e ó profesor, a valoración e planificación dos coidados de enfermaría dunha situación clínica concreta.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.
Solución de problemas	A atención personalizada relacionada coa Solución de problemas ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria.	50
Solución de problemas	A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C1 C3 C7 C10 C11 C12	Criterios de avaliación: 1. Asistencia obrigatoria. 2. Presentación e estrutura: ata 2 puntos. 3. Claridade na redacción: ata 2 puntos. 4. Capacidade de análise e síntese: ata 2 puntos. 5. Capacidade crítica e aportación persoal: ata 4 puntos.	50

Observacións avaliación
A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente. Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo aO regulamento de Estancias Clínicas. Éstas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado no Regulamento de Estadís Clínicas do Centro. As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicaranse no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas. Ó finalizar o período de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a Memoria segundo se especifica no Regulamento de Estadias Clínicas. Avaliación 2ª oportunidade. Dado que a practica clínica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar o relativa a avaliación de solución de problemas. Adianto de oportunidade con estudantes con matrícula parcial: dado que a práctica clínica e unha actividade presencial non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Berman A, Snyder SJ, Kozier B, Erb G (2008). Fundamentos de Enfermería. Conceptos, proceso y práctica. Madrid A bibliografía referenciada nas materias de Coidados Básicos de Enfermaría, Fundamentos de Enfermaría , Psicología e Nutrición. NANDA internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2012-2014. Madrid: Elsevier; 2013. Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. Clasificación de resultados de enfermería (NOC). 5ª ed. Barcelona: Elsevier; 2014. Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman J M, Wagner. Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). 6ª ed. Barcelona: Elsevier; 2014 NANDA Internacional. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier; 2011. Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo. Planes de Cuidado. Coruña; 2002. Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC)&nbsp;. Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña; 2008. Fistera http://www.fistera.com/
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001
 Psicología/661G01003
 Nutrición/661G01009
 Farmacología/661G01011
 Estancias Clínicas I/661G01025
 Enfermería Clínica I/661G01034
 Fisiología/661G01105
 Fundamentos de Enfermería/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería Clínica II/661G01035

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas III/661G01027
 Estancias Clínicas IV/661G01028
 Estancias Clínicas V/661G01029
 Estancias Clínicas VI/661G01030
 Estancias Clínicas VII/661G01031
 Practicum/661G01032

Observacións

Tendo en conta o especificado na Memoria do Título é necesario ter superada a materia Estancia Clínica I para poder matricularse.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías